europe direct A Coruña
Centro Oficial de Información da Comisión Europea

Boletín 9´UE

23/02/2017 - Boletín nº 138

Deputación DA CORUÑA

Comunicando Europa 20 años

Novas

Convocatorias e procura de socios

Bolsas

Cidadanía

Europa a fondo

Publicacións

Axenda

9 MINUTOS UE

Quen somos:

Un equipo de persoas que responderán as túas preguntas sobre a Unión Europea. Formamos parte dunha rede de máis de 500 centros Europe Direct distribuídos polos 28 países da Unión Europea

Qué facemos:

Ofrecer información e asesoramento sobre as institucións da UE, os programas europeos, as bolsas e vacantes en Europa. Ademais, as buscas de socios para proxectos europeos, o apoio aos teus eventos sobre a UE…

Ónde estamos

Deputación da Coruña
Av. Porto Da Coruña, nº 2
15003. A Coruña
www.dicoruna.es/europadirect

Contáctanos

email: europedirect@dicoruna.es
tel: +34 981 080 331
fax: + 34 981 080 354

Síguenos en:

Suscripción gratuita aquí

Novas

- España foi o país da UE máis beneficiado en 2016 polo financiamento do Grupo BEI con 11.540 millóns de euros.
- Paquete de inverno do Semestre Europeo: España mantén un crecemento continuado por encima da media da zona euro en 2016, cunha composición máis equilibrada que antes da crise.
- Paquete de inverno do Semestre Europeo: exame do avance dos Estados membros cara ás prioridades económicas e sociais.
- A UE acolle con satisfacción a entrada en vigor do Acordo sobre Facilitación do Comercio da OMC.
- Declaración da Comisaria Europea Vera Jourová en vésperas do Día Europeo das Vítimas de Delitos.

Convocatorias e procura de socios

Convocatorias publicadas recentemente

Axenda Dixital para Europa

ECOKT2016-REPUB: Tecnoloxías do coñecemento abertas: Mapear e validar o coñecemento.

Educación, Cultura (EAC), Audiovisual, Cidadanía

Convocatoria estatal (BOE, 31/01/2017): Extracto da Resolución do 26 de xaneiro de 2017, do Instituto da Mocidade, pola que se convoca a concesión de axudas para a realización de actividades financiadas pola Comisión Europea no capítulo de Mocidade do Programa de acción comunitario «Erasmus+».

EACEA/03/2017: Carta Erasmus de Educación Superior do período 2014-2020.

EACEA 06/2017: Apoio a plataformas europeas.

Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Peme (GROW)

223/G/GRO/STA/16/1321: Representación dos intereses da PEME na estandarización europea.

Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (CNECT)

CEF-TC-2017-1: Identificación electrónica e firma electrónica.

CEF-TC-2017-1: Sistema de interconexión dos rexistros de empresas (BRIS).

CEF-TC-2017-1: Intercambio electrónico de información sobre seguridade social (EESSI)

CEF-TC-2017-1: Portal Europeo de e-Xustiza.

Outras axudas

Real decreto 70/2017, do 10 de febreiro, polo que establece a concesión dunha axuda excepcional de adaptación ao sector produtor vacún do leite, e se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagos directos e dos pagos ao desenvolvemento rural.

ORDE do 26 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2017.

RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2017 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, convocadas para o ano 2017.

Extracto da Resolución do 2 de febreiro de 2017, de ICEX ESPAÑA EXPORTACIÓN E INVESTIMENTOS pola que se convoca para 2017 a concesión de axudas a través do Programa de investimentos de empresas estranxeiras en actividades de I+D.

ORDE do 1 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos en acuicultura cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), convocatoria para o ano 2017, tramitadas como expediente anticipado de gasto.

Extracto da Resolución do 16 de febreiro de 2017, do Fondo Español de Garantía Agraria, pola que se convocan axudas á cooperación para a subministración sustentable de biomasa no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

Extracto da Resolución do 16 de febreiro de 2017, do Fondo Español de Garantía Agraria, pola que se convocan axudas ás actividades de demostración e as accións de información, no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020, para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.

Extracto da Resolución do 16 de febreiro de 2017, do Fondo Español de Garantía Agraria, pola que se convocan axudas á cooperación para formulacións conxuntas con respecto a proxectos ambientais e prácticas ambientais en curso, no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

Extracto da Resolución do 16 de febreiro de 2017, do Fondo Español de Garantía Agraria, pola que se convocan axudas para o apoio ás accións de formación profesional e adquisición de competencias no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020, para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.

ANUNCIO de convocatoria de participación no Plan internacional de promoción, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder, período 2014-2020) da Unión Europea, para pemes.

Socios

Europa cos Cidadáns. Italia.
"Focus Europe" é unha asociación italiana sen ánimo de lucro que integra a uns 120 municipios. Están a desenvolver un proxecto en "Redes de Cidades" sobre o papel das administracións locais fronte á crise migratoria e a promoción do voluntariado mediante o Corpo Europeo de Solidariedade.

Europa cos Cidadáns. Italia.
Esta organización italiana busca organizacións sen fins de lucro que traten o tema do diálogo interrelixioso e que poden involucrar a mozos, para un proxecto no marco de "sociedade civil" en Europa cos Cidadáns.

Erasmus+. España.
O Hospital Nisa-Valencia Al Mar busca un socio para desenvolver un proxecto de "asociación estratéxica en adultos" (KA2) sobre o coidado de pacientes con lesións cerebrais baseado en tecnoloxías da información.

Erasmus+. República Checa.
A axencia de educación "Pontias", da República Checa, busca socios cos que poidan mellorar a súa experiencia en ensino e materiais innovadores, coa fin de facer fronte ao fenómeno migratorio actual.

Europa cos Cidadáns. Romanía.
Búscanse socios para desenvolver un proxecto de implicación dos mozos no proceso democrático europeo. Cada organización deberá organizar un debate e cooperar coas institucións locais.

Bolsas

Bolsas

- 23/02/2017: Axudas á danza, a lírica e a música 2017.
- 23/02/2017: Axudas ao teatro e ao circo 2017.
- 23/02/2017: VIII edición do Programa Talento Solidario.
- 23/02/2017: Axudas contratación de mozos e mozas en Galicia, Fundación EOI.
- 26/02/2017: Bolsa de formación de posgrao no Consello Superior de Deportes para o ano 2017.
- 27/02/2017: Bolsa formación posgrao no CSD 2017.
- 27/02/2017: Residencias artísticas locais MAC.
- 27/02/2017: Bolsas para prácticas profesionais en materia de transparencia e participación.
- 27/02/2017: Subvencións contratos mozos e mozas Ourense Fundación EOI.
- 27/02/2017: Axudas estudos universitarios, Galicia.
- 27/02/2017: Proxecto 'Ciclo de novos comisarios' ICA Murcia.
- 28/02/2017: Bolsas Estudos de Posgrao en Ciencias Sociais 2017, Fundación Ramón Areces.

- 28/02/2017: Bolsa Monbukagakusho 2017.
- 28/02/2017: Bolsa artística de primavera L' Escala 2017.
- 28/02/2017: Bolsas da Caixa 2017 Doutoramentos.
- 01/03/2017: II Bolsas de Fotografía Workshop Experience.
- 01/03/2017: II Bolsas de Maquillaxe Workshop Experience.
- 01/03/2017: Axudas predoutorais á Investigación Fundación Banco Sabadell 2017.
- 01/03/2017: Axudas a mulleres deportistas 2017 CSD.
- 01/03/2017: Xeorxia Fee Artist: residencia para artistas e escritores en París.
- 02/03/2017: Residencias Estranxeiro Novos Artistas, Madrid.
- 02/03/2017: Bolsa Consellería de Sanidade Generalitat Valenciana.
- 05/03/2017: XV Bolsa Roberto Villagraz de Fotografía.
- 08/03/2017: Proceso selectivo persoal investigador doutor.
- 09/03/2017: Programa de Formación para o Emprego Xuvenil na Economía Dixital.
- 10/03/2017: Bolsa Sprachcaffe 2016 para estudar no estranxeiro.
- 13/03/2017: Programa de Axudas HISPANEX 2017.
- 14/03/2017: Axudas modernización e innovación industrias culturais e creativas.
- 14/03/2017: Axudas universitarios galegos para estancias na UE verán 2017.
- 15/03/2017: Probas selección gardas rurais e as súas especialidades.
- 16/03/2017: Bolsas Fulbright de ampliación de estudos, Curso 2018-2019.
- 17/03/2017: Subvencións MANUNET 2017.
- 20/03/2017: Bolsas formación na DX Comercio e Consumo, Galicia.
- 21/03/2017: Bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo.
- 26/03/2017: Residencia de artista educador MCTM.
- 27/03/2017: Bolsas de formación na "Dirección Xeral de Comercio e Consumo".
- 31/03/2017: Bolsas Posdoutorais en Ciencias da Vida 2017, Fundación Ramón Areces.
- 31/03/2017: Bolsas Fundación Antonio Gala Mozos Creadores 2017-2018.
- 31/03/2017: Bolsas Fundación Alicia Koplowitz 2017-2019.
- 31/03/2017: Prácticas no Comité das Rexións (CDR).
- 01/04/2017: Prácticas non remuneradas na Secretaría Xeral do Consello Europeo 2017.
- 03/04/2017: Bolsas Coca-Cola da Universidade de Edimburgo.
- 04/04/2017: Bolsas de La Caixa 2017 posgrao en América do Norte e Asia-Pacífico.
- 06/04/2017: Axudas Fondo Social Europeo 2017 novas Garantía Xuvenil.
- 06/04/2017: Bolsas da Fundación Carolina 2017-2018.
- 14/04/2017: Financiamento proxectos urbanos innovadores Comisión Europea.
- 15/04/2017: Axudas ao estudo provincias Pontevedra e A Coruña.
- 28/04/2017: Bolsas Estudos de Música Fundación Botín.
- 05/05/2017: Bolsas Artes Plásticas 2017, Fundación Botín.
- 08/05/2017: Bolsas de formación práctica e perfeccionamento técnico-profesional en materia de seguros agrarios para graduados universitarios ou titulacións equivalentes.
- 12/05/2017: Bolsas Comisariado Exposicións e Xestión Museos, Fundación Botín.
- 31/05/2017: Bolsas Iberoamérica. Santander Grao. 2017-2018.
- 30/06/2017: Bolsas Crecendo xuntos, KPMG.
- 31/07/2017: Bolsas Universitarias Fundación Botín, Cantabria.
- 31/08/2017: 5ª Convocatoria Bolsas Fundación AFIM.
- 12/10/2017: Bolsas Freigeist 2017.

PREMIOS E CONCURSOS

- 23/02/2017: Premios Camiño de Santiago.
- 23/02/2017: Premios Galicia Parabéns.
- 24/02/2017: XX Premio de Contos Fundación Mainel.
- 24/02/2017: 'SUROSCOPIA' 6º Certame Universitario de Creación Audiovisual.
- 27/02/2017: I Concurso Logotipo Casa da Mocidade de Moguer.
- 28/02/2017: Concurso Fotografía 'Mira a túa cidade en clave de igualdade', Burgos.
- 28/02/2017: I Premio Alianza FP Dual.
- 28/02/2017: Emerxentes, 6º Encontro Internacional de Mozos Creadores Artes Escénicas.
- 28/02/2017: IV Concurso Creación Audiovisual 'CTL 59 segundos'.
- 28/02/2017: VI Certame Relatos Curtos 'Pablo de Olavide'.
- 28/02/2017: Concurso escolar 'Cervantes into English', Castela-A Mancha.
- 01/03/2017: 36 Concurso Internacional de Piano 'Delia Steinberg'.
- 03/03/2017: Premios Excelencia 2017 Consello Social UC3M.
- 07/03/2017: Bases reguladoras Premios Teses Doutorais sobre violencia contra a muller.
- 09/03/2017: Concurso de Ideas para Mocidade 'Hoxe Propóñoche'.
- 09/03/2017: XI Concurso Internacional Deseño Mobiliario de Exterior.
- 10/03/2017: Concurso Novos Técnicos en Automoción 2017.
- 10/03/2017: Premio Lorenzo Natali 2017, Comisión Europea.
- 10/03/2017: XV Certame de Relato Curto, Las Rozas.
- 10/03/2017: Concurso 'Unha Viaxe polo Patrimonio e os Albergues da miña Comunidade' 2017.
- 10/03/2017: II Concurso "A mar de ciencia".
- 10/03/2017: VII Concurso de Cómic e Fotografía Rede Nova Norte.
- 11/03/2017: Premio Internacional de Novela Alcorcón Século XXI.
- 14/03/2017: IV Concurso Ilustración Literaria, Estremadura.
- 14/03/2017: Campionato Internacional Modelado 3D de Precisión co teu Móbil-Tableta.
- 14/03/2017: XIV Premios o CAC na escola, Cataluña.
- 15/03/2017: Concurso literario 'A voz da natureza'.
- 15/03/2017: IV Edición Concurso 'Alcobendas Flamenca Novos Talentos' 2017.
- 15/03/2017: XI Premio Andaluz de Investigación sobre Integración Europea.
- 15/03/2017: Concurso Consumópolis12, sobre consumo responsable, Canarias.
- 15/03/2017: II Premio de Xornalismo contra a Violencia de Xénero, Fundación Grupo Norte.
- 19/03/2017: II Creative Screens Etopia.
- 26/03/2017: I Concurso Racing Drone Challenge.
- 31/03/2017: Concurso de Emprendemento 'Reto Lehnica' 2017 de Correos.
- 31/03/2017: Premio Ibercaja de Pintura Nova 2017.
- 03/04/2017: XVI Certame Internacional Videominuto Universidade Zaragoza.
- 07/04/2017: XII Certame de Cadernos de Viaxe, Las Rozas.
- 08/04/2017: Premios 'Consumópolis12, Internet: Fas un uso responsable?', Andalucía.
- 10/04/2017: II Certame Novo de Microrrelatos 'Museo Goya-Colección Ibercaja'.
- 19/04/2017: Premios 'Consumópolis12, Internet: Fas un uso responsable?', Madrid.
- 27/04/2017: Certame Mostras Culturais 'MálagaCrea 2017'.
- 30/04/2017: XLII Premios Literarios Kutxa, Cidade de Irún.

- 30/04/2017: Premios Fundación Banco Sabadell á Investigación 2017.
- 30/04/2017: Nikon's Small World Competition 2017.
- 30/04/2017: VIII Premio Atlante, Fundación Museo de Artes.
- 30/04/2017: III Premios Andaluces 'O Audiovisual na Escola'.
- 12/05/2017: Concurso de Cómic de Reinosa.
- 16/05/2017: 6º Concurso universitario clipmetraxes 'Drogas: o teu punto de mira'.
- 19/05/2017: XX Certame Música Novo Granitorock de Collado Villalba.
- 21/05/2017: Concurso Nacional de Fotografía Deportiva 'Félix Ordóñez' 2017.
- 31/05/2017: VIII Concurso Escolar 'Canto tempo tes para min?'.
- 31/05/2017: CampusCómic: Certame de cómic e novela gráfica.
- 12/06/2017: Premio Horizonte 2020-ENGINERETROFITPRIZE-2016: Modificación de motores para un aire máis limpo.
- 01/07/2017: VI Premio CERMI 'Dereitos Humanos e Discapacidade'.
- 16/08/2017: Concurso de Historia para Mozas 'Eustory' 2017.
- 06/09/2017: Premio Horizonte 2020 – BIRTHDAYPRIZE-2016: Día de nacemento – Redución da morbilidade e mortalidade materna e neonatal.
- 25/09/2017: Premio 'Francisco Tomás e Valente' 2017.
- 11/10/2017: Premios Fundación Trindade Alfonso para deportistas universitarios da UPV.
- 20/05/2019: Premio Horizonte 2020-FutureEnginePrize-01-2016: O motor máis limpo do futuro.

VACANTES

- Head of Return Operations Sector. AD10. Axencia Europea da garda de fronteiras e costas (FRONTEX). Varsovia. Data límite: 27/02/2017.
- Facility management Leader. AD8. Autoridade Europea de Valores e Mercados (ESMA). París. Data límite: 27/02/2017.
- Responsable de Seguridade. AD6. Oficina Europea de Propiedade Intelectual da Unión Europea (EUIPO). Alacante. Data límite: 27/02/2017.
- Asistente en Recursos humanos. AST1. Empresa Común para a Iniciativa de Medicamentos Innovadores (IMI2-JU). A Haia. Data límite: 27/02/2017.
- Public Regulated Services Access Officer. GFIV. Axencia Europea do GNSS Europeo (GSA). Saint Germain en Laye (Francia). Data límite: 02/03/2017.
- Legal IP Officer. AD5. Empresa Común para a Iniciativa de Medicamentos Innovadores (IMI2-JU). Bruxelas. Data límite: 06/03/2017.
- Technical Project Manager for FRONTEX. GFIV. Axencia Europea de Seguridade Maritima (EMSA). Lisboa. Data límite: 07/03/2017.
- Secretariado. AST1- Mecanismo Único de Resolución (SBR). Bruxelas. Data límite: 09/03/2017.
- Asistente Administrativo. AST2. Unidade de Cooperación Xudicial da Unión Europea (EUROJUST). A Haia. Data límite: 10/03/2017.
- Director Administrativo. AD14. Eurojust. A Haia. Data límite: 17/03/2017.
- Project Support Office. AST4. Axencia Europea da garda de fronteiras e costas (FRONTEX). Varsovia. Data límite: 31/05/2017.
- Educadores para gardería infantil multilingüe. Alemaña. Data límite: 30/04/2017.
- Enxeñeiro de Aplicacións. Austria. Data límite: 15/04/2017.
- Enfermeiros para xeriátricos en Koksijde. Bélxica. Data límite: 15/04/2017.

- Enfermeiros para xeriátricos en Aalter. Bélxica. Data límite: 15/05/2017.
- PhD scholarship in blood-brain barrier biology and drug delivery. Dinamarca. Data límite: 15/03/2017.
- PhD scholarship in “3D perfusion LOCs with integrated bioreactors and sensors for modelling neuronal disorders”. Dinamarca. Data límite: 15/03/2017.
- Postos para Hotel 5* en Eivissa. España. Data límite: 23/02/2017.
- Care Assistant. Irlanda. Data límite: 13/05/2017.
- MIG Welder. Irlanda. Data límite: 17/04/2017.
- Casting para varios postos de animadores e coreógrafos. Italia. Data límite: 28/03/2017.
- Financial language analyst. Spanish Speakers in Riga. Letonia. Data límite: 20/03/2017.
- Spanish Speaker Call Centre Agent. Malta. Data límite: 16/03/2017.
- Spanish Speaker Retention Agent. Malta. Data límite: 20/03/2017,
- Médico especialista en xinecoloxía (obstetricia/cirurxía xinecolóxica) con coñecementos de inglés. Noruega. Data límite: 10/03/2017.
- Postos indefinidos de enfermería. Reino Unido. Data límite: 28/02/2017.
- Secondary Teachers. Reino Unido. Data límite: 18/03/2017.
- Experienced Nurse for Nursing Home. Reino Unido. Data límite: 18/03/2017.
- Care Support Workers for Oxfordshire. Reino Unido. Data límite: 01/03/2017.
- Domiciliary Care Assistant. Reino Unido. Data límite: 30/04/2017.
- Baker/Pastry Cook for Pâtisserie. Suecia. Data límite: 15/03/2017.
- Kitchen & Restaurant Staff. Suecia. Data límite: 20/03/2017.
- Chefs para « Feldts Brygga” restaurant. Suecia. Data límite : 15/03/2017.
- Chefs para « Tanum Strand” restaurant. Suecia. Data límite : 15/03/2017.
- Chefs para restaurante “Musselbaren”. Suecia. Data límite: 15/03/2017.
- Chefs para restaurante “Gullholmen”. Suecia. Data límite: 15/03/2017.
- Proceso de Selección de Chefs. Suecia. Data límite: 15/03/2017.

Cidadanía

Volve **Euroscola**, o concurso do Parlamento Europeo no que os máis novos opinan sobre a transformación da Unión Europea.

Esta é xa a XXIII edición do concurso Euroscola, na que volven convidarnos a reflexionar sobre o proceso de transformación da Unión Europea en espazo de liberdade, xustiza e seguridade; valorar o que alcanzamos e analizar os desafíos actuais. Este ano o tema do concurso é o 60 aniversario da firma do Tratado de Roma (1957-2017).

Xa poden inscribirse no concurso equipos compostos por 10 alumnos de entre 15 e 18 anos e un profesor da ESO (3º e 4º), Bacharelato ou Formación Profesional de Grao Medio, nun centro establecido en territorio español.

Como participar? A competición consistirá na elaboración dun vídeo cunha duración máxima de 1 minuto e 30 segundos cuxa temática estea baseada nalgún dos dereitos recollidos na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Ademais, cada grupo deberá realizar un "Making Of" deste que mostre o proceso de creación.

Premios? Os gañadores obterán como premio a participación no Programa Euroscola do Parlamento Europeo na súa sede de Estrasburgo e o seu desprazamento.

60 ROMA

Lembrade que debedes contactar cos puntos Europe Direct da vosa zona xa que vos poden servir de apoio e difusión para o voso proxecto. O prazo para mandar os vídeos finaliza o 6 de abril.

As bases están dispoñibles en: https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/axenda/2017/concurso-euroscola-2017/

Animámosvos a participar e quedamos á vosa disposición para calquera colaboración!

Europa a fondo

CETA: beneficios do acordo entre a UE e Canadá para España

O Parlamento Europeo apoiou o CETA. Coa votación favorable da Eurocámara conclúe o proceso de ratificación do acordo a nivel europeo. Este acordo abre unha nova etapa para as relacións entre ambos os dous lados do Atlántico, pero a nivel práctico, como lle afectará aos cidadáns e empresas europeas?, Por que España sae beneficiada deste acordo?

O CETA abrirá novas oportunidades para as empresas europeas, desde a súa aplicación aforraranse un total de 500 millóns de euros ao ano grazas á redución dos aranceis e ofrecerá un mellor acceso aos contratos públicos canadenses tanto a nivel nacional como rexional e local. Cabe destacar que son sobre todo as peme quen se ven máis afectadas pola burocracia e nas que máis beneficiará poder aforrarse a duplicación das probas de seguridade ou os trámites aduaneiros.

Outro dos aspectos que contempla o CETA é o recoñecemento mutuo das cualificacións profesionais reguladas como as de arquitecto, contable ou enxeñeiro. Ademais, reduciranse as restricións dos desprazamentos entre Canadá e a UE para traballadores que se movan de maneira temporal. Isto facilitará as operacións das empresas europeas en Canadá.

Relacións comerciais entre España e Canadá

Calcúlase que en España hai ao redor de 1,3 millóns de postos de traballo (un 10%) que dependen das exportacións a países de fóra da Unión Europea. Canadá é o vixésimo socio comercial de España fóra da Unión Europea, calcúlase que en 2015 España exportou bens e servizos por valor duns 1.400 millóns de euros e que importou por valor duns 1.000 millóns. Por tanto, a balanza comercial entre ambos os dous países foi duns 400 millóns de euros.

Hai 5.449 empresas españolas que exportan a Canadá, un 91% das cales son peme.

Os sectores da economía española que máis se beneficiarán do acordo con Canadá e da práctica desaparición dos aranceis son o farmacéutico, o de maquinaria e produtos eléctricos, o téxtil, o calzado e o de vehículos de motor. Ademais, cabe destacar que España é un dos principais exportadores de olivas a Canadá.

Produtos con Indicación Xeográfica

Un dos puntos que hai que subliñar do CETA é o feito de que recoñeza e protexa un total de 143 produtos con indicación xeográfica. Destes hai 23 de españois: como o queixo manchego, xamón de Huelva, o turrón de Alacante ou a longaniza de Vic.

Viño ecolóxico español en Canadá

Os acordos comerciais con países como Canadá eliminan barreiras de entrada á vez que protexen as denominacións de orixe dos viños europeos.

- As adegas españolas como Aranleón, aumentan a súa produción para exportación e promocionan as súas zonas de orixe.
- O tratado con Canadá permite aos viños españois competir en igualdade de condicións e homologa automaticamente os viños ecolóxicos certificados na UE.

En 2003 asinouse un acordo para protexer a maioría das denominacións de orixe de viños europeos. E é que, Italia, España e Francia son os tres principais produtores de viño do planeta, xa que producen máis da metade do viño consumido en todo o mundo. O novo tratado comercial suprime os aranceis á importación de viño europeo e impulsa unhas condicións máis vantaxosas para a entrada dos produtos comunitarios nun sistema monopolizado polas diferentes provincias canadenses. Este é o caso de Aranleón, adega valenciana amparada baixo a D.O.P Valencia e Utiel-Requena, que exporta un cuarto da súa produción a Canadá, onde existe unha demanda crecente de viños ecolóxicos. De feito, en 2015 foi o maior vendedor de viños ecolóxicos da provincia de Quebec, cun total de 100.000 botellas vendidas.

A actividade exportadora de Aranleón potenciou o emprego local, a preservación dunha actividade económica histórica e respectuosa co medio ambiente, así como aumentar a súa superficie de cultivo. Así mesmo, estas exportacións tamén facilitaron a proxección internacional da D.O. Utiel-Requena e D.O. Valencia como destino turístico enolóxico. As vantaxes que ofrecen os acordos comerciais da Unión Europea permitiron que multitude de adegas españolas como Aranleón poidan facer fronte nos mercados internacionais a viños con estratexias comerciais máis agresivas. Así mesmo, reduciron as barreiras de entrada en países onde existe un maior control das bebidas alcohólicas por parte do Estado, como Canadá ou Suíza, país co que a Unión Europea tamén ten un acordo que facilita a entrada de viños europeos.

Sabías que?

- En 2015, Aranleón exportou unhas 100.000 botellas de viño a Canadá.
- O 95% do viño producido por Aranleón destínase á exportación e unha cuarta parte do total é vendido en Canadá.
- Aranleón é o principal distribuidor de viño ecolóxico na provincia canadense do Quebec.
- A exportación de viños españois a todo o mundo supera os 2.500 millóns de euros anuais.

Publicacións

	**Protección de datos** **Mellores normas para as pequenas empresas** **Dispoñible en PDF**

Axenda

- Do 24 ao 26/02/2017: EUROPE DIRECT A Coruña COLABORA EN: Encontro Nacional da Rede Erasmus Student Network en España. A Coruña.
- 28/02/2017: Data límite de inscrición ao XXIV Seminario de Asesores de Proxectos de I+D+I da Unión Europea – Horizonte 2020, que se celebrará do 25 ao 27/04/2017. Segovia.
- 02/03/2017: Xornada: Segunda convocatoria de Accións innovadoras urbanas (UIA) e outras oportunidades de financiamento. Madrid.
- 06/03/2017: Xornada Informativa: “Descubrindo o seguinte reto”. Active and Assisted Living (AAL). Convocatoria 2017. Bruxelas.
- 07 e 08/03/2017: Xornadas presenciais de formación de avaliadores KA1. Convocatoria 2017. Madrid.
- 09/03/2017: Xornada de formación para solicitantes de Asociacións Estratéxicas 2017 Formación Profesional. Madrid.
- 09 e 10/03/2017: Circular Economy Stakeholder Conference: “One year after adoption, working together for the future”. Bruxelas.
- Do 15 ao 17/03/2017: Segunda Conferencia Internacional sobre Ordenación do Espazo Marítimo. París, Francia.
- Do 05 ao 07/04/2017: “Climateurope Festival 2017: explore challenges and opportunities of climate services for your activity”. Valencia, España. _

ENCUESTA UE
Tu opinión en 7 clicks

00 800 6 7 8 9 10 11
europedirect.europa.eu

MALTA EU2017

1986 - 2016
ESPAÑA EN LA UE

Ónde estamos
Deputación da Coruña
Av. Porto Da Coruña, nº 2
15003. A Coruña
www.dicoruna.es/europadirect

Contáctanos
email: europedirect@dicoruna.es
tel: +34 981 080 331
fax: + 34 981 080 354

Síguenos en:

Suscripción gratuita aquí